



## **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE, E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO E SUSTENTABILIDADE DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE XESTIÓN DE INCENDIOS**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Á Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural, correspóndelle o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimento.

Como antecedente a este acordo, con data 3 de xullo de 2017 asinouse o Acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o financiamento e sustentabilidade do desenvolvemento de sistemas de información do eido da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, e cuxa vixencia remata o 31 de decembro de 2019.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte ten previsto formalizar coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o momento no que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 31 de decembro de 2021.

O instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, e a Amtega para o desenvolvemento evolutivo e soporte de diversos sistemas de información que permitan o apoio no desenvolvemento das competencias encamiñadas á defensa dos montes contra os incendios forestais, así como a coordinación de medios na loita contra os incendios.

Amtega levará a cabo o desenvolvemento e mantemento evolutivo dos sistemas de información e servizos indicados a continuación, de acordo coa priorización establecida pola Dirección Xeral de Defensa do Monte e dentro dos límites orzamentarios deste acordo:





- Desenvolvemento e/ou mantemento evolutivo da plataforma de xestión de incendios forestais de Galicia (proxecto XEINFO: Xestión de Incendios Forestais), incorporando novas funcionalidades e tecnoloxías na mesma
- Centro de Atención a Usuarios de Incendios (CAU\_Incendios): soporte aos usuarios relacionados co dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais, con especial relevancia ao apoio na configuración, operación e mantemento asociada ao uso neste dispositivo da rede dixital de emerxencias de Galicia (RESGAL), en coordinación coa empresa pública autonómica Redes de Telecomunicación Galegas (RETEGAL).

Asemade desenvolverase calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería de Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, e a Amtega, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería de Medio Rural.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

O instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Por unha banda, á Dirección Xeral de Defensa do Monte, á que lle corresponde o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimento.

Entre as funcións e competencias, establécense as de coordinar ás administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, garantindo o cumprimento das respectivas obrigas legais, prestar colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas e homoxenizar os procedementos e actuacións por eles desenvolvidos, asegurar o cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e tramitar os expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos, planificar as medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento - impulsando a realización das tarefas encomendadas ás administracións competentes - , dirixir os equipos de vixilancia, desenvolver o Plan de Prevención e defensa contra incendios forestais dentro de cada Plan de Ordenación dos recursos forestais de distrito, impulsar, comprobar e esixir a elaboración dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e manter o orientación aos concellos de ámbito rural a





fin de que leven a cabo tarefas de silvicultura, limpeza dos montes e outras tarefas de valorización forestal dentro das medidas de prevención dos incendios forestais.

Para o exercicio das súas competencias, a devandita Dirección Xeral conta con dúas subdireccións xerais, sendo a Subdirección Xeral de Extinción a que exerce as funcións encamiñadas á defensa dos montes contra os incendios forestais, así como a coordinación de medios na loita contra os incendios, estruturándose para o seu cumprimento nos Servizos de Programación (que se ocupa da adquisición e da renovación de vehículos; o despregue aéreo; o despregue de maquinaria pesada; a rede de puntos de auga; a rede de vixilancia (postos e cámaras); a rede de comunicacións; a rede de puntos de encontro; a rede de bases aéreas e o rexistro de superficies queimadas) e Servizo de Coordinación de Medios (que se ocupa do relativo aos gastos de extinción; centros de coordinación; os equipos de protección individual; as brigadas propias; a operativa das brigadas municipais; o Centro de Atención a Usuarios (CAU) de Incendios; a operativa de flota de camións de extinción propios; a operativa da flota de camións municipais; grupos de emerxencia supramunicipal (GES); a coordinación da seguridade e saúde e a colaboración na formación do persoal.

Para o correcto desenvolvemento das competencias encamiñadas á defensa dos montes contra os incendios forestais, así como a coordinación de medios na loita contra os incendios, cómpre o desenvolvemento evolutivo e soporte de diversos sistemas de información.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Polo que, a colaboración ou cooperación coa Amtega consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao





ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

Santiago de Compostela,  
O director xeral de Defensa do Monte  
sinatura dixital  
Tomás Fernández-Couto Juanas

